

# O MEU CRIME

François Ozon, 2023

# 1104

ESTREA EN NUMAX: 05.05.2023 | V.O.S.E. | +12 | 102 min

No París dos anos 30, Madeleine, unha actriz fermosa, nova, pobre e sen talento é acusada de asasinar a un famoso produtor. Coa axuda da súa mellor amiga Pauline, unha avogada sen traballo, resulta absoluta en lexítima defensa. Agárdaa unha nova vida de fama e éxito... porén, a verdade está a piques de descubrirse.

«François Ozon goza e tamén nos fai gozar cunha comedia maxistral, desenfadada e mordaz á vez»

Fabien Lemercier, CINEUROPA



## Entrevista con François Ozon: «Hai un desexo de crer a historia que nos están contando»

Por Fabien Lemercier

**Adaptaches varias obras de teatro. De onde xorde esta predilección e como descubres esta obra de 1934?** As adaptacións adoitan servirme como unha boa base para contar historias porque, en xeral, tratan sobre cousas que me gustan, aínda que non totalmente, por iso as transformo. Un día vin *True Confession* (1937), unha comedia bastante mediocre protagonizada por Carole Lombard, que en realidade era unha adaptación dunha obra francesa de Georges Berr y Louis Verneuil titulada *O meu crime*. Tiña curiosidade por ver como adaptaran os americanos esa obra francesa, así que decidín lela. Algúns aspectos eran realmente divertidos, coa súa falsa culpable que se incrimina a si mesma e se fai famosa a causa desta mentira. Inmediatamente, pensei que o personaxe tiña que ser unha actriz, que é algo que non ocorría nin na obra orixinal nin no filme americano (onde é unha escritora).

**Tratas temas moi serios cunha comedia de enredos.** Si e creo o feito de estar ambientada nos anos trinta faino máis fácil. Se contase esta historia nunha ambientación moderna, podería ser un filme máis dramático, na liña de *Grazas a Deus* (2018). Ambientala nos anos trinta apórtanos un pouco de distancia. É un período que podemos idealizar. De feito, o París dos anos trinta que amoso parécese máis ao París hollywoodiense que vemos nos filmes de Lubitsch o Billy Wilder. Non é realista, hai unha especie de estilización que nos permite facernos preguntas e sorrir ante cousas das que tal vez aínda non nos podemos rir actualmente.

**O tema principal do filme é a sinceridade dentro dunha mentira. Como buscabas abordar isto?** A idea era facer un filme sobre unha mala actriz que se converte nunha boa actriz grazas a unha gran mentira. Explorei as mentiras en múltiples ocasións. O cinema en si mesmo é unha mentira: representamos escenas, todo o mundo interpreta personaxes e, porén, os espectadores van ao cinema para crer niso. Hai un desexo, unha necesidade infantil de crer a historia que nos están contando, aínda que saibamos que non é verdade. Tamén me gustou moito o feito de que esta actriz, que non é moi boa, acaba de súpeto encarnando ideas coas que ela mesma se identifica, grazas ás palabras escritas pola súa avogada e unha verdade sae á luz. Iso é o que me gusta: que a verdade naza dun artificio, de algo fabricado. Ao final, a moza descobre unha conciencia política feminista e convértese nun símbolo. Aproveita a oportunidade e esta condúcea cara unha causa máis nobre do que pretendía nun principio.

**Que papel querías que xogase a artificiosidade neste filme?** Quería ser honesto desde o comezo. O filme comeza cun pano e remata cunha escena dunha obra. Para min, era algo inherente ao tema. A idea era estar como nun filme de Renoir: a vida é unha escena de teatro, onde todo o mundo interpreta un papel. A única vez que Madeleine di a verdade mira á cámara e a través desta ao espectador. Desde o comezo, atraveso paredes, algo que non se fai nos filmes realistas. É un xogo, un pacto que establezo cos espectadores: aceptan entrar neste mundo artificial? Iso é algo que me gusta do cinema, aínda que entendo que algunhas persoas reaccionen de forma hostil e non o acepten. Aínda así, creo que os espectadores son o suficientemente intelixentes e conscientes como para aceptar este tipo de artificio e gozalo.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*En la casa,*  
François Ozon.  
Cameo [DVD]

*El amante doble,*  
François Ozon.  
Cameo [DVD]

*Una nueva amiga,*  
François Ozon.  
Cameo [DVD]